



M^a DOMINGA BRION SANMIGUEL, Concelleira-voceira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación coa demanda dunha actuación integral no lugar de Fondevila.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O lugar de Fondevila e o seu entorno presenta un aspecto moi deteriorado polos escasos investimentos nos últimos anos en todo o barrio. Pódese dicir que unha boa parte das actuacións de conservación e limpeza foron feitas pola veciñanza.

A parte superior da rúa da Habana, que dá servizo directo a catro vivendas, resulta intransitable debido ao precario estado do seu firme. Algunhas persoas mesmo estacionan os seu vehículos diante obstruíndo o paso por semellar un camiño a ningunha parte. A carón desta rúa existe unha finca particular en lamentable estado, pese as labores feitas polos propios veciños e veciñas, sobre a que o concello debera actuar.

Ademais son varias as rúas que presentan roturas en tubarías e todas elas necesitan unha mellora no firme. O barrio precisa tamén dunha dotación adecuada de contedores para a recollida selectiva de lixo.

A emblemática fonte e o lavadoiro de Fondevila e o seu entorno, aínda moi utilizados pola veciñanza, precisan unha actuación cara a mellorar o seu estado de limpeza e conservación. Tamén habería que valorar as causas da alarmante diminución de caudal producida nos últimos anos e actuar na súa recuperación.

Fondevila é un barrio vivo. Hai, polo tanto, abundante circulación de vehículos que compre regular. É preciso establecer os sentidos idóneos de circulación e os lugares de aparcamento máis acaídos.

Consideramos tamén moi importante a dotación ao barrio dun espacio de lecer ao que poida ter acceso toda a veciñanza.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG presenta diante da Corporación Municipal a seguinte

S O L I C I T U D E :

Que por parte do Goberno Municipal se inclúa no orzamento do vindeiro ano unha partida para levar a cabo no lugar de Fondevila e parte superior da rúa da Habana unha actuación integral que supoña:

- **O arranxo e mellora da rúa da Habana.**
- **A mellora das canalizacións de todo o barrio e do pavimentado de todas as rúas, dotando tamén dos contedores necesarios para a recollida selectiva do lixo.**
- **Acondicionar un espacio de lecer no barrio e regular a circulación dun xeito máis acaído.**
- **O arranxo da fonte pública que alí existe e, en xeral, de todo o seu entorno, levando a cabo as actuacións necesarias para a recuperación do seu caudal.**

Ribeira, 8 de novembro de 2007

Asdo.: M^a Dominga Brión Sanmiguel

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA